

A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

A) A NARRATIVA

Foi neste primeiro terzo do s.XX, especialmente entre 1916 e 1936, cando se consolidou a narrativa galega contemporánea, grazas á aparición dun espazo político e cultural de carácter galeguista, impulsado polas Irmandades da Fala, e á creación de pequenas editoriais(Céltiga, Lar...) que favoreceron a publicación de obras en galego.

a.1. A narrativa das Irmandades

Os narradores das Irmandades son coetáneos dos compoñentes do Grupo Nós e comparten con eles os mesmos ideais galeguistas pero, en xeral, adicáronse máis á poesía e ao teatro. Entre os autores máis representativos podemos citar a **Xosé Lesta Meis** (1887-1930), autor de tres obras narrativas: Manecho o da rúa (1926), Estebo (1927) e Abellas de ouro (1928)..**Leandro Carré Alvarellos** (1885-1967); **Xaime Quintanilla** (1898-1936) e **Armando Cotarelo Valledor** (1879-1950).

a.2. O Grupo Nós: marcou un fito senlleiro na historia da cultura galega entre 1920 e 1936. O seu nome vén dado polo título da revista que empezaron a publicar en 1920. Integrado fundamentalmente por V. Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas, é o encargado da modernización da prosa galega nos seus diferentes rexistros: narrativa curta, novela e ensaio.

VICENTE RISCO (1884-1963): a súa obra abrangue diferente xéneros: narrativa, ensaio e teatro, alén dos seus traballos como investigador, como crítico literario e como poeta ocasional. A súa é unha narrativa fundamentalmente didáctica, cunha grande carga ideolóxica, na que non sempre están ben definidas as fronteiras entre a narrativa e o ensaio.

Da súa etapa pre-galeguista é Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (1919), que é un relato humorístico que ten como escenario o mundo de ultratumba. Nel amosa o seu interese polo esoterismo e o ocultismo. Logo escribiu unha serie de relatos que teñen en común a vinculación á cultura tradicional e un cometido didáctico-ideolóxico: A velliña vella (1924), O lobo da xente(1925), A trabe de ouro e a trabe de alquitrán(1925) e A Coutada(1926).

As últimas novelas caracterízanse pola sátira e polo escepticismo: Os europeos en Abrantes (1927), e a súa obra cume, O porco de pé (1928), centrada na sátira a un personaxe, Don Celidonio, na que fai unha parodia da ideoloxía e os usos sociais do mundo urbano galego dos anos 20 e 30. Nesta novela destaca o prodixioso exercicio de linguaxe e a novidade narrativa, baseada na hipérbole, o sarcasmo e a ironía.

OTERO PEDRAYO (1888-1976): é unha figura clave nos diferentes fitos da nosa recuperación cultural e da articulación do nacionalismo no século XX. A súa produción narrativa pode clasificarse en:

A- *Narracións histórico-realistas:* forman un núcleo homoxéneo que ten como marco a Galicia rural da 2ª metade do s. XIX e interpretan o proceso de decadencia da fidalguía e os cambios que se están a producir nas estruturas da sociedade tradicional galega. Nesta liña están Pantelas, home libre(1925), Contos do camiño e da rúa (1932) , O señorito da Reboraina (1960) e Os camiños da vida (1926), que é o cume da súa narrativa. Nesta última describe a decadencia da dúas familias nobres do s.XIX que simbolizan o traspaso de poder da fidalguía rural á nacente burguesía urbana e, con iso, a desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada polos fidalgos e polo clero.

B-*Narracións histórico-culturalistas:* A romaría de Xelmírez (1934) e Fra Vernero (1934), nas que o historicismo e a evocación cultural importan máis que a acción novelesca.

C-*Narrativa psicolóxica, introspectiva:* a trama xira arredor do conflito interior dos protagonistas. Escrito na néboa (1927), Devalar (1935) e Arredor de si (1930), onde a través do protagonista, Adrián Solovio, trasunto do propio Otero, narra o proceso de concienciación galeguista

experimentado por el e polos seus compañeiros de grupo.

CASTELAO (1886-1950): aínda que coetáneo do Grupo Nós e estreitamente vencellado a eles, Castelao presenta características singulares que o afastan do grupo: procedencia social máis popular, literatura máis próxima ao pobo galego (lonxe do culturalismo) e actividade política fiel ao compromiso co pobo.

Ademais da obra propiamente literaria, Castelao destaca pola súa obra pictórica (*Cousas da vida; Cincuenta homes por dez reás, Debuxos de negros...*) e polos numerosos artigos escritos e conferencias dictadas.

A súa produción narrativa comprende as seguintes obras:

.**Un ollo de vidro** (1922). Subtitulada “Memorias dun esqueleto”, son secuencias narrativas cun narrador común, un esqueleto que refire sucesos da súa vida e da vida no cemiterio. A temática de ultratumba, o humor negro e a crítica ao caciquismo son fundamentais nesta obra.

.**Cousas** (1926). Conxunto de prosas con ilustracións que constitúen a fórmula literaria máis orixinal e característica de Castelao. Cada cousa desenvolve asuntos de temática variada, de ambiente mariñeiro e labrego ás veces, de personaxes populares case sempre. Moitas teñen un carácter máis lírico que narrativo. Destaca normalmente un final moi traballado.

.**Retrincos** (1934) Son 5 contos de carácter autobiográfico. “O segredo” e “O inglés” están ambientados na Pampa arxentina; “Peito de lobo” relata unha anécdota da súa época de estudante; “O retrato” trata un caso de cando deixara de exercer a Medicina; “Sabela é da súa época de deputado.

.**Os dous de sempre** (1934). É a súa única novela. Consiste na sucesión de relatos que gardan unidade entre si pola referencia a dous protagonistas: Pedriño e Rañolas. Ten a estrutura dunha novela picaresca, cun narrador omnisciente que nos conta en 44 capítulos ilustrados a biografía paralela dos personaxes, amigos desde a infancia, que seguen camiños diverxentes.

Os temas que definen a súa narrativa son o humanismo e o compromiso cos máis débiles, a crítica da marxinação económica de Galicia, o protagonismo das clases populares e a defensa da lingua galega.

RAFAEL DIESTE (1899-1981)

Destacado xornalista, na súa obra narrativa en galego destaca *Dos arquivos do trasno* (1926), conxunto de 20 relatos que xiran arredor de dous eixos temáticos:

- A psicología: o ambiente mariñeiro e a rexa dignidade dos personaxes, xunto co ritmo (obsesión-suspense-remate sintético) conforman a unidade estética destes contos.
- As experiencias extraordinarias: noutros contos aparece un verniz máxico e misterioso, pero manténdose dentro da percepción racionalista do mundo. Estes relatos teñen un final aberto e sorprendente.

B) O ENSAIO

O ensaio en lingua galega nace e consolídase no primeiro terzo do s. XX coa aparición das Irmandades e do Grupo Nós.

b.1. O ensaístas das Irmandades

Un dos obxectivos das Irmandades foi a creación de medios e de canles de difusión para desenvolver os xéneros literarios (narrativa, teatro e ensaio) que aínda non conseguiran o espazo que tivera a poesía no Rexurdimento. As primeiras obras son de contido eminentemente político e cultural. As canles de difusión do pensamento galeguista foron *A nosa terra* e a revista *Nós*, sen esquecer outras publicacións como *O tío Marcos da Portela*, en Ourense, e os xornais vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*.

Nelas publicaron os seus artigos Antón Vilar Ponte, Xohan Vicente Viqueira, Xaime Quintanilla e Antón Losada Diéguez entre outros.

b.2. Os ensaístas do Grupo Nós

O ensaio foi o xénero que máis cultivou **V. Risco**. Alén dos múltiples artigos sobre os máis variados temas relacionados con Galicia e a súa cultura, as obras que recollen o seu pensamento galeguista son *Teoría do nacionalismo galego* (1920), *Miteleuropa* (1934) e *Nós, os inadaptados*,

no que explica a evolución ideolóxica do seu grupo.

O. Pedrayo cultivou diferentes temas nas súas obras ensaísticas como:

-ensaio xeográfico: en numerosos manuais de xeografía e guías de Galicia.

-libros de viaxes: nos que relata experiencias vividas por el mesmo como a romaxe a Santo André de Teixido en Pelerinaxes (1929) e a súa primeira viaxe a Arxentina en Por os vieiros da saudade (1952).

-evocación biográfica: plasmada en O libro dos amigos (1953), no que lembra algúns personaxes da cultura e da política galegas e outros que deixaron fonda pegada na súa vida.

A obra máis representativa do ensaio de **Castelao** é Sempre en Galiza (1944), na que condensa o seu ideario nacionalista e na que Galicia aparece definida coas características propias dunha nación (idioma propio, territorio diferenciado, economía específica e tradición cultural).

Florentino López Cuevillas destacou polos seus traballos de investigación sobre a prehistoria de Galicia, ademais do ensaio Dos nosos tempos, no que describe a evolución intelectual dos compañeiros do Cenáculo ourensán.

C) O XORNALISMO

A prensa galega no tránsito do s. XIX ao XX aínda mantén características do pasado, ao tempo que apunta aspectos renovadores coa aparición da prensa ilustrada e das revistas gráficas, o impulso da prensa local e comarcal e o nacemento de publicacións de carácter cultural e literario. Esta última desempeñou un papel fundamental na difusión e consolidación do galeguismo. De entre elas cabe destacar dúas:

. *A Nosa Terra* foi, entre 1916 e 1936 o principal portavoz das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Escrita integramente en galego, ía dirixida á pequena burguesía ilustrada e aínda que era un medio de propaganda política non descoidou o aspecto literario.

. *A revista Nós* foi a empresa cultural máis ambiciosa da época. O primeiro número publicouse o 30 de outubro de 1920 en Ourense, tendo a V. Risco como director e a Castelao como asesor artístico. De periodicidade mensual e escrita integramente en galego, foi a plataforma onde se deron a coñecer os escritores máis importantes da época ao tempo que posibilitou a apertura de Galicia ás distintas literaturas europeas e á renovación artística do primeiro terzo do s. XX.

Entre as **revistas culturais de vangarda**, as máis importantes foron *Alborada* (Pontevedra, 1922); *Ronsel* (Lugo, 1924); *Resol* (Santiago, 1932); *Papel de color* (Mondoñedo, 1932)...